

A ÁREA SANITARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E BARBANZA DESENVOLVE UN CURSO DE FORMADORES EN SOPORTE VITAL AVANZADO

Santiago, 6 de xuño de 2024- Profesionais da UCI da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, organizan un curso de Soporte Vital Avanzado, en colaboración do SOGAMIUC e certificado polo Plan Nacional de RCP, destinado a médicos e enfermeiras de toda Galicia no que actualizar coñecementos e recuperar habilidades para afrontar situacións críticas ante unha parada cardíaca que poña en perigo a supervivencia de pacientes.

Laura Sayagués, intensivista do CHUS e vicecoordinadora autonómica do plan nacional de RCP, é unha das organizadoras deste curso de instrutores. Restringido a tan só 18 prazas para facelo máis intensivo e práctico, desenvolveuse *online* ao longo do mes de maio e presencial hoxe e mañá no CESIS (Centro de Simulación clínica Integral de Santiago de Compostela), situado no recinto do Hospital Clínico.

Durante as xornadas os asistentes puideron actualizar coñecementos e practicar técnicas de RCP de Calidade, e realizar talleres de Vía Aérea e de Vía Venosa, distribuídos en tres grupos.

Formar a formadores ou instrutores é imprescindible, xa que a formación continuada en RCP resulta fundamental no persoal sanitario. Así, o servizo de Medicina Intensiva organiza talleres de “reciclaxe” para persoal facultativo e de enfermería de todos os hospitais da área sanitaria. Anualmente, realizan numerosos cursos de actualización en RCP, incluíndo simulación in situ e simulación de alta fidelidade, preto de 150 traballadores cunhas 200 horas de formación impartida por este servizo.

Saúdos,